


**PERÍODO DE ADAPTACIÓN
EDUCACIÓN INFANTIL**

PROYECTO: O MAR



CEIP MANUEL VILLAR PARAMÁ

CURSO 23/24



BENVIDOS A ESCOLA.

Ir o colexio é un gran paso na vida do voso fillo/a. Este folleto ten como obxectivo axudarvos nesta nova etapa.

ESTA SERÁ UNHA DAS ÉPOCAS MÁIS IMPORTANTES E DE MAIS TRANSCENDENCIA NA SÚA VIDA . MERECE A PENA IMPLICARSE PARA QUE TODO SAIA BEN.

O voso papel nestes momentos é decisivo, xa que a actitude que amosedes ante a separación influirá notablemente na forma en que o neno/a afronte a entrada no colexio e estableza as súas primeiras relacións cos outros.

Información e recomendacións .

Conscientes desta realidade considéramos que debemos coidar este período dun xeito especial e polo tanto planificar a súa incorporación para que sufran o menos posible e se adapten facilmente.

Algúns consellos prácticos que podeades levar a cabo para facilitar este período son:

- Transmitir sentimentos de seguridade e confianza na escola: É importante motivalo e manifestar unha actitude positiva cara o colexio, xa que deste xeito estarédeslle transmitindo a idea de que non hai motivo para preocuparse.
- Darlle información respecto da escola: comentade cos vosos fillos o que hai na escola, as actividades que van facer, as persoas que haberá, con quen van xogar, os materiais e xoguetes que van atopar, etc. Amosándovos tranquilos e contentos coa incorporación do voso fillo/a ó colexio.
- Non fagades comentarios negativos sobre a escola: non usar a escola como ameaza (xa verás cando valias á escolal, a profesora vai te castigar, senón te portas ben déxote

alí toda a noite e non te vou buscar. No caso do comedor: xa te ensinarán a comer de todo no comedor...

- Intercambiade coa mestra toda a información que facilite un mellor cofecemento dos fillos/as.

- Dade importancia as actividades que conte o voso fillo/a .

- É importante deitarse todos os días a mesma hora e durmir o suficiente para afrontar a xornada escolar. Levantándose con tempo suficiente para asearse, preparar a merenda e tomar un bo almorzo.

- É por último, favorecer a autonomía dos nenos/as para que poidan valerse por si mesmos sen depender en todo momento dos adultos.



MAMÁ, PAPÁ...teño algo que dicirvos:

...Comezo a ir o cole e xa debo ter adquirida unha autonomía suficiente para adaptarme sen dificultade ó colexio e as novas situacións que alí se me van a presentar.

Por eso gustaríame que me ensinasedes...



- *... A VESTIRME E ESPIRME.
- *...A DAR A VOLTA AS MANGAS.
- *... A ABOTOAR E DESABOTOAR OS CORCHETES, AS CREMALLEIRAS E OS BOTÓNS..
- *... A CONTROLAR OS ESFÍNTERES.
- * ...A LIMPAR O NARIZ.
- * ...A LAVAR E SECAR A CARA E MAILAS MANS.
- *...A COMER SOLO.
- *... A COIDAR DAS MIÑAS COUSAS.
- *...A COLOCAR OS XOGUETES CANDO REMATO DE XOGAR
- *...A RESPETAR AS PRANTAS, AS ÁRBORES E OS XOGOS DOS DEMAIS.

Tamén me gustaría que tivesedes en conta algunhas outras cousas...

- *...QUERO QUE ME ADIQUEDES TEMPO, QUE ME ESCOITEDES E XOGUEDES COMIGO.
- *...TEÑO QUE DESCANSAR BEN, ALO MENOS 9 HORAS TODALAS NOITES PARA RENDER Ó DÍA SEGUINTE.
- *...CANDO ESTÉ MALIÑO/A OU TEÑA ALGUNHA ENFERMIDADE CONTAXIOSA (conxuntivitis, sarampón, varicela..)
PREFERIREI QUEDAR NA CASA.
- *...NON DEBEREI VER MOITA TELEVISIÓN E SE A VEXO QUE SEXAN PROGRAMAS INFANTIS.



Se me axudades en todas estas cousas, seguro que poderei adaptarme sen dificultade a miña nova vida no colexio.

GRAZAS.

Normas de organización:

- A asistencia regular axuda a/os nenos/as a axustarse ó horario de clase e a aprender os seus procesos e rutinas diarias, facilitándolle a organización dos seus esquemas mentais. Por iso, a puntualidade é un hábito que deben adquirir os nosos alumnos/as dende ben pequenos.

- E necesario que comuniquen a ausencia dos seus fillos/as a súa titora (segundo o modelo adxunto)

- Deben vivir as cabezas dos seus fillos/as e en caso de lendias ou pioños, comunicalo o colexio

- Se o neno/a está enfermo (febre, diarrea, infeccións...) é mellor que o deixen na casa, xa que non poderá seguir o ritmo dos seus compañeiros e asemade podería contaxialos.

- Control de esfínteres. Será obrigatorio. Chamarase por teléfono se teñen algún "despiste".

- Mandilón: Deben traer un mandilón que sexa adaptado a súa medida, abotoado por diante e con goma nos puños. Co nome do neno/a en letras maiúsculas e cunha cinta longa (12 cm.) para poder colgalo no percheiro.

- Roupa: Cómoda e fácil de poñer e sacar para que vaia aprendendo só a vestirse e espirse e para que poidan ter mais autonomía. Isto daralles seguridade en si mesmos.

Non deben traer cintos, tirantes nin petos. Toda aquela roupa que poidan sacar debe vir marcada co nome e con cinta longa para colgar na percha.

Procuren que as mangas da súa roupa se poidan subir con facilidade xa que manipulan area e auga frecuentemente.

Calzado sen cordóns a ser posible de velcro ou cremalleira.

Merendas debe ser pouca cantidade e o mais autónomas posibles. Traerana xunto cunha botella de auga co seu nome nunha bolsa de tea ou mochila pequena sen rodas e respectando sempre que sexa posible o menú orientativo. Tomarase na clase.

Cumpreanos: Celebrarase o mesmo día en que naceu. Si coincide co día non activo, farase o seguinte día que sexa lectivo. Non se traen chuches.

- **Xoguetes:** durante o período de adaptación e se ten moito apego por algún xoguete pode traelo a escola. Despois xa non será necesario xa que son fonte de conflito e desgusto entre compañeiros si se perden ou se rompen.


- **Entrada:** É importante coidar o momento da despedida amosando unha actitude tranquila e de confianza.

- **Saídas:** faranse 5 minutos antes que o resto do alumnado. Os nenos/as que vaian no autobús deberase facer cargo un maior (irmán, veciño...). No caso de saír antes da hora débese notificar a titora a hora de recollida e a persoa que ven buscar o alumno. Cando non sexa a persoa habitual deberá traer autorización escrita dos pais/titores (segundo modelo adxunto).

- As saídas do centro para facer actividades educativas faranse previa autorización, sen a que non poderá saír do colexio.

- **Teléfonos de urxencia:** é moi importante que ademais do teléfono da casa debedes outro de contacto no caso de algún incidente.






- **Titorías:** para falar coas titoras o día será ^{os} martes de 16:00 a 18:00. Haberá que avisar con antelación.



familias
ESTIMADOS PAIS E NAIS:

Co fin de ir fomentando nos vossos fillos/as, unha serie de hábitos relacionados cunha alimentación san e equilibrada, agradeceríamos que tivesedes en conta:

- A importancia de abandonar o uso do chupete e do biberón co fin de evitar posibles dificultades na fala e no correcto desenvolvemento bucal.
- O seguinte **MENÚ** nas merendas que traen a escola.

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
FROITA e FROITOS SECOS (cacahuetes, nozes, améndoas,...) 	GALLETAS 	BOCADILLO DE FIAMBRE 	LÁCTEOS. (queixo, iogurt..) 	LIBRE. Calquera dos anteriores (non chuches). 

Co fin de favorecer a autonomía dos seus fillos/as os alimentos deben vir pelados e troceados.

MOITAS GRACIAS.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. MANUEL VILLAR PARAMÁ

Outeiro Nº 6, San Xurxo de Vea - 36683 A Estrada - Pontevedra
Tífono 886151055 <http://centros.edu.xunta.es/ceipmanuelvillar>

E-mail ceip.villar.parama@edu.xunta.es

FICHA DE RECOLLIDA DO ALUMNADO NO TEMPO LECTIVO

D./Dña.....,
pai/nai/..... do alumno/ado
curso, RECOLLO O MEU FILLO/A ás.....horas
para.....
.....
.....

Asdo.:

Outeiro de Vea, de de 20...

SR./SRA. TITOR/A DO CURSO DO CEIP MANUEL VILLAR PARAMÁ.



XUNTA DE GALICIA
CONSILLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. MANUEL VILLAR PARAMÁ

Outeiro de Vea 6 36683 San Xurxo de Vea A Estrada – Pontevedra
Tifno/fax 886151055 <http://centros.edu.xunta.es/ceipmanuelvillar>

E-mail ceip.villar.parama@edu.xunta.es

AUTORIZACIÓN DE RECOLLIDA DO/A ALUMNO NO PERÍODO LECTIVO

D/Dña _____, con DNI _____

como pai/nai/titora, do/a alumno _____

de _____ curso

AUTORIZO a:

NOMBRE	DNI	PARENTESCO

A RECOLLER ao citado/a alumno/a.

En Outeiro de Vea, a de de 20

o/a titor/a

Asdo.:



XUSTIFICANTE DE FALTAS DE ASISTENCIA

D./Dna....., pai/nai/titor-a
 do alumno.....de.....curso,
 xustifico as faltas de asistencia do alumno durante os días.....
do mes de.....de 201..

polos seguintes motivos:

.....

Asdo:.....

Outeiro de Veá,.....de.....de 20 ...

SR./SRA. TITOR/A DO CURSO.....DO CEIP MANUEL VILLAR PARAMÁ